# KECO E AS AVENTURAS DA ECOPANDA

## 1 O ANEL DE MARTA

Xosé A. Perozo

# O ANEL DE MARTA

**Xosé A. Perozo**

Ilustracións: **Jorge Monlongo.**
Guía de lectura: **Mercedes Pacheco Vázquez.**

© **Xunta de Galicia. Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.**
San Lázaro s/n C.P. 15781. Santiago de Compostela. A Coruña.

**Ecoembes:** empresa colaboradora.

© **Xosé A. Perozo Ruiz** para o texto.
© **Jorge Monlongo** para as ilustracións.
© **Mercedes Pacheco Vázquez** para a guía didáctica.

Deseño e maquetación: **Cinte (Comunicación Integral Gallega).**
Imprime: **Imprenta Ibérica**

Depósito Legal
Edición non venal.

**"Keco e as aventuras da Ecopanda"** é unha campaña creada, realizada e coordinada por **Cinte.**

**Imaxin|Software.** Desenvolvemento multimedia

Santiago de Compostela 2007.

Queda prohibida, salvo excepción prevista na lei, calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública e transformación desta obra sen contar coa autorización dos titulares da propiedade intelectual. A infracción dos dereitos mencionados pode ser constitutiva de delito contra a propiedade intelectual. (arts. 270 e sgts. do Código Penal)

O regreso ao instituto de Viladeteixo foi, como todos os anos, bulicioso e nalgúns dos casos divertido. O ceo estaba cuberto de nuboeiros e ameazaba chuvia, un síntoma evidente de que o verán xa desaparecera do horizonte e de que o olor das aulas axiña sería o do outono mesturado co da calefacción acesa. Un vento incómodo xogaba coas pólas dos plátanos do patio de entrada e, cando a maioría do alumnado invadiu aqueles metros cadrados de cemento, o silencio converteuse nun ruxerruxe de centos de voces, saúdos, apertóns de mans, abrazos e bicos. Algunhas parellas de namorados chegaban da man, coa mesma imaxe de felicidade con que superaran o curso anterior, eran os maiores e, polo tanto, caras veteranas no centro escolar.

As caras novas pertencían aos alumnos e alumnas que inauguraban a vida do instituto. Viñan doutros centros e a maioría movíase con dificultade polas instalacións buscando as súas clases e tratando de atopar coñecidos cos que xuntarse para sobrevivir á nova experiencia educativa que se lles viña enriba. Non era o caso dos integrantes da Ecopanda, moi populares non só no IES Airas Nunes, senón tamén en todo Viladeteixo polo seu coñecido empeño a prol da reciclaxe durante o curso anterior. Marta, Álvaro, Xaime, Xiana e Henrique realizaron unha serie de traballos que lles valeran un importante premio outorgado pola Consellería de Medio Ambiente. Os cinco estaban moi satisfeitos da súa boa fama, de saír nos xornais, nas noticias de televisión e por gozar dunha viaxe de fin de curso espectacular organizada polo IES. Os seus compañeiros

chamábanos *Os recicladores de Viladeteixo,* pero desde a consecución do premio todo o mundo os coñecía polos rapaces da Ecopanda e ademais tiñan unha placa que así o acreditaba.

Aquela primeira mañá de clase, Marta baixara do bus movendo a cabeza como un periscopio co obxecto de localizar os seus máis íntimos amigos no medio da multitude de mil cores e mochilas novas. Case na porta de entrada descubriu os xemelgos Álvaro e Xaime fundidos nun abrazo con Xiana. Custoulle recoñecer a amiga pois cortara o seu pelo de escarola e traíao tinguido dun vermello cor de terra de pura *henna.* Estaba guapa, pensou Marta, aínda que deseguido empezou a reprocharlle en silencio a súa extravagante forma de vestir, o modo de combinar as prendas e as cores que, no canto de favorecela, acentuaban dun modo estridente a gordura que a propia Xiana detestaba. É certo que Xiana era unha gordiña ben formada, moi graciosa e divertida que non tiña ningún tipo de complexo. Os dous xemelgos eran tan idénticos que, de non ser porque desde había tempo vestían distinto, sería imposible distinguilos. De feito, murmurábase que se intercambiaban cando lles conviña.

Cando Marta alcanzou o grupo, Xiana colgouse do seu colo cun entusiasmo feroz.

–¡Conseguino, conseguino, Marta!

Despois dos primeiros bicos e de saudar os xemelgos co mesmo cariño, puideron por fin saber que conseguira Xiana. Ela era un torrente de ideas polo que navegaban as palabras amontoándose as unhas sobre as outras.

–¿Que conseguiches, Xiana?

–Namorarme, tía, e que un tipo guapo se namorase de min…

Álvaro e Xaime puxeron ollos de moucho e Marta deixou que a amiga lles contase con media ducia de frases a súa aventura estival nas praias e noites de Sanxenxo mentres o patio ficaba

baleiro. Para Xiana conseguir que alguén se namorase dela era todo un triunfo, non sabía que Xaime había tempo que sentía por ela unha grande atracción en segredo. A verdade é que Xaime é bastante máis tímido que Álvaro, pero tamén máis estudoso.

–¿Sabedes algo de Henrique? –preguntou Marta ao rematar Xiana o seu relato.

Os xemelgos encolléronse de ombros dando a entender que, grazas ao habitual descoido do quinto membro da Ecopanda, non resultaba fácil saber del. Porén Henrique estaba preto, nas proximidades do centro. Durante o traxecto, Miguel, un compañeiro de viaxe, tirara a un descampado unha botella de plástico pola pequena ventá de ventilación. Henrique reprochoulle tal proceder e estaban inmersos nunha discusión sen fin.

Miguel amosábase convencido de que non causara ningún mal coa súa acción.

–É lixo –aseguraba–, descomporase e servirá de fertilizante.

–Non tes nin idea –reprocháballe Henrique–, esa botella está feita de PET e a natureza tardará varios séculos en descompoñela.

–Es un esaxerado, en cincuenta anos non quedará nin rastro, non existe nada que dure varios séculos no medio do campo coa chuvia, o sol, o frío, a calor… sexa de plástico ou do que ti queiras.

–Con esa mentalidade acabaremos destruíndo o planeta…

Cando Henrique e Miguel entraron na clase case todos os alumnos xa estaban sentados. Henrique saudou os colegas da Ecopanda alzando a man e foi ocupar o seu lugar habitual. Entón decatouse de que tiña un novo compañeiro ao lado do seu pupitre.

–¡Ola, son Joe! –díxolle o descoñecido cun evidente acento americano–. Veño de Atlanta, nos EE.UU.

Henrique respondeu ao saúdo cunha palmada na súa man aberta como unha primeira mostra de afecto e aceptación do colega.

Joe resultou ser fillo de ourensáns emigrados e espertou unha grande expectación no instituto. Tanta que, cando se achegaba a data de celebración do Día de Defuntos, se atreveu a propoñer a organización dunha festa de Halloween e a don Santiago, o profe de Coñecemento do Medio a quen todos alcumaban don Pitágoras, pareceulle unha idea estupenda. Don Pitágoras utilizou a ocasión para falar do culto á morte en Galicia, da gran diferenza que existe coas tradicións americanas, e de inmediato puxéronse mans á obra imaxinando disfraces e situacións como viran nas películas. Marta, no nome da Ecopanda, aproveitou para sacar a relucir as teorías sobre a reciclaxe propoñendo realizar todos os disfraces con materiais reciclables. Don Pitágoras estivo de acordo e a Joe pareceulle unha idea moi construtiva que no seu país ninguén tiña en conta.

–¿Iso inclúe a roupa vella? –preguntou unha compañeira.

–Naturalmente –respondeu Marta–, pero debemos facer un esforzo de imaxinación, así ao final non deixaremos residuos que non poidan ser reciclados.

Todo o alumnado se esforzou por cumprir coas normas da Ecopanda e resultou un éxito sen precedentes. Confeccionaron todos os disfraces e elementos con cartón, papeis de seda e páxinas de xornais, bolsas de lixo de distintas cores, etc. Don Pitágoras prohibiu que se utilizasen obxectos eléctricos con pilas.

–Para alumear faremos farois con cabazas e candeas. É unha tarefa moi doada –dixo.

E de inmediato púxose mans á obra cunha cabaza. Primeiro abriuna pola parte superior cortando unha tapa redonda, logo baleirouna por completo coidando de non danar a casca, antes de que secase realizou debuxos e fendeduras para que parecese unha cabeza, introduciulle unha candea e confeccionoulle unha asa cunha pequena corda de esparto e un pau.

–¡Xa está! Este farol parecerá a cabeza dun aparecido na penumbra da noite, pero se lle poñedes imaxinación podemos realizar moitos modelos diferentes.

A noite de véspera de Defuntos o curso enteiro saíu polas rúas de Viladeteixo formando un cortexo impresionante, que pedía doces e lambetadas e que antes anunciaran pegando carteis por todos os establecementos. Diante ía un ataúde portado por catro bruxos espantosos, detrás tres vermes cun cartel que dicía "organismos descompoñedores", o resto eran homes sen cabezas, mulleres atravesadas por coitelos ensanguentados, portadores de cabazas iluminadas, monstros deformes, etc. Toda a cidade saíu á rúa para ver o desfile e aplaudir, aínda que moitos nenos non parasen de chorar co espectáculo, novo e inusual en Viladeteixo.

Do mesmo xeito que o cortexo partira do IES Airas Nunes, rematada a festa regresaron ao centro onde improvisaron unha gran cea antes de desfacerse dos disfraces. Á entrada colocaran tres colectores de distintas cores: azul, verde e amarela e un iglú verde para o vidro. Tamén dispuxeron unha gran caixa para a roupa inservible. Os xemelgos Álvaro e Xaime montaron garda xunto a eles para que ninguén se equivocase á hora de depositar os restos da festa. Porén o primeiro en chegar foi Miguel que, como quen xoga ao baloncesto, despois de beber a auga dun só trago, tirou ao colector azul unha pequena botella de plástico. Deseguido Xaime reprendeulle a súa actitude, pero Miguel marchou burlándose dos dous irmáns.



–¡Só falta que vos pinten un punto verde na fronte!

Ao concluír, os cinco membros da Ecopanda marcharon xuntos comentando o divertida que resultara a festa. O bus percorrera unha chea de rúas cando Marta se decatou da perda do seu anel de ouro.

–¡Recáspitas –dixo–, seguro que quedou prendido nalgunha roupa da que recollemos! ¡Hai que volver ao instituto!

Custoulles convencer o condutor de que parase, de que se trataba dunha urxencia.

–¡Por favor! –suplicoulle Marta–. É un anel que me regalou a miña avoa e non o podo perder.

Por fin apiadouse deles e deu volta nunha rotonda para deixalos o máis preto posible do centro escolar.

–Non podo volver ata o IES –dixo o bo do home–, ou corro o risco de que me despida a empresa. Quede claro que eu non sei nada desta aventura.

Despois de chiscarlles un ollo cómplice e darlle un apertón de mans, os cinco emprenderon unha veloz carreira.

–¡Debemos chegar antes de que pasen a recoller os colectores! –berrou o xemelgo Álvaro.

–Será moi difícil dar con ese anel –laiouse Xiana, francamente acalorada malia o frío da noite.

Cando se achegaban ao instituto viron como a furgoneta avisada por don Pitágoras para recoller os colectores desaparecía polo fondo da rúa.

–Xa non hai nada que facer –dixo amolado Henrique.

–¡Es máis feble que a baquelita! –murmurou Xaime sen perder o ánimo– ¡Acougade, atoparemos o anel!

Os cinco estaban petrificados fronte ao enreixado do IES. Entón Marta decatouse de que a caixa de roupa usada aínda estaba baixo

o soportal e decidiron entrar ao descubrir que o portal de acceso non estaba pechado co cadeado e a cadea que habitualmente lle pasaba o bedel. Chegaron ao seu destino coa alma nun suspiro. A caixa estaba chea de todo tipo de prendas para reciclar e afanáronse na tarefa de revisalas unha a unha, minuciosamente. Absortos no empeño non se deron conta da presenza dun estraño personaxe que se achegou ata eles sen que saibamos moi ben de onde saíra nin por onde entrara. Calquera diría que se trataba dun ancián disfrazado de mago medieval. Quizais tamén el participaba da festa de defuntos. Os compañeiros da Ecopanda sobresaltáronse ao velo.

–¡Tranquilidade, amigos! –dixo con voz serena quen acababa de chegar–. Son o mago Merlín e veño na vosa axuda. Quero entregarvos un premio polo voso labor de recicladores. O abraio dos amigos foi maiúsculo. O mago tiña nas súas mans cinco amuletos en forma de R que entregou a cada un deles, como quen reparte caramelos.

–¿Para que serven estas letras? –preguntou Xiana, cada segundo máis intrigada.

–Serán os vosos talismáns, rapaces –explicou Merlín–, xuntando tres delas, só tres, Keco acudirá na vosa axuda. Como xa sabedes, Keco é o robot máis fantástico do medio ambiente, o máis eficaz reciclador. El será a vosa inspiración, o voso amigo e mesmo o voso guía. ¡Pero ollo, debedes ter moito coidado! Existe unha forza escura do mal chamada Mister Retope, dono da empresa "Especulacións e Derrubas, S.A.", quen tentará por todos os medios que non consigades os vosos obxectivos porque odia a Keco. Mister Retope está contra a conservación da Natureza e xente coma vós non lle fai nada de graza.

–¿Por que nos axudas? –preguntou Marta con curiosidade.

–Porque me caedes ben –sorriu o mago abrindo moito os brazos.

ARRRR

E dicindo isto, Merlín esvaeceuse na noite como se fose fume. Todos quedaron coa boca aberta mirando para os talismáns que tiñan nas mans. Os pequenos R dourados penduraban dunhas cadeas que parecían de ouro e decidiron poñelas nos seus colos, aínda coa interrogante da súa efectividade en cada unha das súas cabezas.

–¡Agora enténdoo –exclamou Álvaro, como quen acaba de solucionar un problema de matemáticas–, trátase dos tres R máxicos da reciclaxe!

–¡Claro! –continuou o outro xemelgo– ¡Reutilizar, Reducir, Reciclar!

–Trabucácheste na orde xerárquica da cadea, Xaime.

–Iso non importa agora –interrompeu Marta movendo a súa melena loura–, o importante é que xuntando tres destes talismáns, Keco virá no noso auxilio. ¡Fagámolo!

Marta, Xiana e Henrique achegaron os seus R entre si xuntando as patas das letras. Deste modo formaron un círculo máxico e ao contacto do metal saltou unha muxica e un pequeno globo de fume gris. Inmediatamente apareceu Keco sorrinte e feliz movendo a súa antena.

–¡Ola, amigos! –saudou o robot–. Aquí estou para axudarvos, pero lembrade unha cousa moi importante que esqueceu dicirvos o mago Merlín. Cada vez que xuntedes as letras debedes dicir a frase máxica.

Os cinco amigos mirárono con expectación mentres Keco descendía ata o chan e se colocaba a súa altura.

–¿Que frase? –preguntou Xiana aínda abraiada polo que estaba acontecendo.

–Para convocarme, ademais de xuntar tres R, debedes dicir en voz alta: ¡Reducir, Reutilizar, Reciclar! Este será o voso lema de agora en diante. ¿De acordo?

Naturalmente, todos estiveron de acordo e encantados cos agasallos que acababan de recibir: un talismán máxico, un lema ecolóxico e a presenza de Keco. A noite de Defuntos estaba resultando apaixonante. Marta pensou, pero non o dixo, que seguramente a perda do seu anel non fora unha casualidade. Agora había que seguir buscando antes de que a madrugada o tragase co lixo. Revisaron toda a roupa contida na caixa e, especialmente, as prendas que Marta desbotara. O anel non estaba alí.

–¿Non o perderías noutro lugar? –suxiriu Xiana–, quizais no desfile ou durante a cea…

–No desfile estou segura de que non –afirmou Marta–, recordo que aínda o levaba cando regresamos. Pode que escapase do meu dedo ao tirar algo aos colectores.

–Entón, témolo complicado –interveu Keco–, teremos que percorrer as diferentes plantas de reciclaxe para dar con el. Cada colector vai a un lugar diferente. Os colectores azuis, cheos de cartón e papeis limpos, van a unha planta onde se seleccionan, apartan aqueles que están manchados de comida ou de graxa, teñen adheridos plásticos e demais, antes de mandalos ás empresas que fabrican papel.

–Iso xa o sabemos, Keco –interveu Xaime–, os colectores iglús verdes van ás plantas de selección e reciclaxe do vidro e os amarelos ás de envases. O problema é saber en cal deles caeu o anel de Marta.

Keco púxose a pensar e gastou unha broma.

–¡Home, se o anel fose intelixente debería ir no amarelo cos envases metálicos!

–Pero non o é –respondeu Marta cada vez máis amolada.

–Teño un presentimento –interveu de novo Keco–. É probable que o anel de Marta caese no colector cos desperdicios da comida e o resto de materias orgánicas. Se fose así, a busca complícase pero tamén pode que se simplifique, porque ese lixo pasa polas cintas onde

as mulleres o clasificarán, se están advertidas e atentas pode que teñamos sorte.

–¡Imposible! –exclamou Álvaro–. Viladeteixo produce centos de toneladas de lixo diario, será como buscar unha agulla nunha praia entre millóns de grans de area.

Nese momento soou o móbil de Marta. A rapaza mirou a pequena pantalla e deseguido o seu reloxo de pulso. Antes de contestar a chamada dirixiuse ao resto dos ecopandeiros.

–Xa son as dez e media. Temos permiso ata as doce da madrugada. Só unha hora e media para atopar o anel.

–Misión imposible –murmurou Henrique, abrazado á súa sombra que se proxectaba baixo un farol.

Marta contestou a chamada. Era a súa nai interesándose por como ía a festa e se tardaría moito en regresar.

–Non, mamá, ás doce en punto estarei cruzando o portal. Estámolo a pasar moi ben.

–¡Ao chegar a medianoite aparecerán todos os defuntos e engulirannos! –fixo unha pallasada Xiana imitando os xestos dunha pantasma de cine.

–Non hai que perder a esperanza –interveu Keco–, coa axuda de Merlín, levareivos ata a planta de clasificación do lixo. Avisaremos as mulleres da perda do anel.

–¿Como nos levarás? –preguntou Xaime.

Sen contestar, Keco moveu a antena emitindo un sinal metálico. Inmediatamente Merlín fixo acto de presenza enriba dun aparato en forma de iglú, abriu unha porta secreta pola que os nosos amigos podían entrar no seu interior, como se dunha especie insólita de nave espacial se tratase. Os rapaces quedaron abraiados.

–¡Pasen e tomen asento! –dixo Merlín igual que un pregoeiro de feira–. Voaremos sen perigo.

Dito e feito. Os ecopandeiros acomodáronse dentro do iglú de Merlín e emprenderon o voo deixando alá abaixo o IES durmido e solitario.

Keco seguíaos a escasa distancia. En poucos minutos Viladeteixo desapareceu dos seus ángulos de visión e ao pouco estaban fronte á planta de Sogama. Os camións de lixo e reciclaxe entraban e saían sen cesar. Aterraron nun espazo solitario e cando os viaxeiros estiveron fóra díxolles coa súa voz metálica:

–Ide e comprobade se é posible atopar o anel de Marta. Eu agardarei por vós.

Logo chiscoulles o seu único ollo desexándolles sorte. Os cinco amigos dirixíronse á planta pero deseguido interceptounos un garda de seguridade.

–Non está permitido o paso. ¿Tedes autorización?

Os ecopandeiros olláronse entre si e só Álvaro conseguiu sobrepoñerse á situación tensa que o garda xeraba.

-Perdemos un anel de ouro. Pensamos que chegará ata aquí no medio do lixo e queremos recuperalo.

O garda soltou unha gargallada e aos ecopandeiros pareceulles máis humano que uns segundos antes. A tensión esvaeceuse no ambiente frío da noite.

–¡Ben, rapaces! ¡Caédesme ben! Seguro que o anel virá parar aquí pero será imposible atopalo. Esperade un momento, pedirei permiso, ao mellor déixanvos pasar.

–Diga que somos a Ecopanda –murmurou Marta amosando a placa de identidade outorgada pola FLR (Fundación para Limpeza e a Reciclaxe).

O home comunicouse co interior da factoría e non tardou en aparecer un encargado, perfectamente traxeado, con pinta de executivo que saíu a recibilos cheo de amabilidade.

–Benvidos, amigos. Estou encantado de saudar á Ecopanda, coñézovos polos xornais. Felicítovos. ¿En que vos podo axudar?

Mentres dicía isto foinos conducindo cara ao edificio en dirección á porta de entrada. Marta faloulle do anel perdido, do importante que era para ela recuperalo e do pouco tempo do que dispoñían. O home dixo chamarse Carlos e mirounos con cara de boa persoa. Xa dentro, comezou a amosarlles as instalacións.

–Aquí chegan todos os días centos de toneladas de lixo e outros refugallos. A nosa obriga é separar o reciclable do que non o é. Aquilo que non podemos reutilizar, incinérase para producir combustible derivado de residuos. Como vedes, atopar un anel é unha misión imposible. Aínda que temos unha planta con separador magnético onde os metais se apartan doutros residuos, resultaranos imposible cumprir o voso desexo. Vedes aquela cadea de mulleres fronte á cinta transportadora…

Os membros da Ecopanda dirixiron a súa ollada cara ao lugar. As mulleres, provistas de luvas e protexidas contra os malos olores, separaban os residuos que pasaban fronte a elas dun modo incesante.

–Pode que o anel de Marta pase baixo os seus ollos, pode que algunha o vexa. Se fose así, teriamos moita sorte, ás veces sucede, pero deberán pasar días para obter algún resultado.

O desánimo estendeuse entre os ecopandeiros, sobre todo en Marta que decidiu despedirse do agasallo da súa avoa para sempre. Logo Carlos seguiu amosándolles o proceso de separación do papel, do vidro, dos metais, dos residuos orgánicos. A Henrique chamáronlle a atención unhas grandes bolsas de plástico.

–¿Que hai nelas? –preguntou.

–Están cheas de PEBD, polietileno de baixa densidade –respondeulle Carlos–, están listas para mandar a Ecoembes. Eles encargaranse de reciclalas.

Xiana estaba tremendamente asombrada ante a magnitude das instalacións e do traballo que alí se realizaba. Non puido evitar un comentario.

–É impresionante a cantidade de lixo que xera a sociedade moderna. A isto chamámolo progreso e desenvolvemento.

–Si, realmente impresionante –contestoulle Carlos–, e aínda hai xente, como Mister Retope, que asegura que a cantidade de residuos non ten nada que ver co nivel de desenvolvemento. ¿Imaxinades todo o lixo acumulado nun mesmo lugar? Encheriamos vales e mesmo océanos. Por iso hai que reutilizar os materiais e os obxectos, reciclar todo o posible e reducir o consumo do innecesario. Cómpre ter moito coidado con xente como Mister Retope, procurade que non se cruce no voso camiño.

Era a segunda vez que, na mesma noite, escoitaban o nome dese estraño personaxe. Marta mirou o reloxo de pulso e comprobou que se lles acababa o tempo. Estaba realmente desolada ante a perda do anel.

–¡Recáspitas! Debemos marcharnos ou chegaremos tarde á nosa casa –dixo.

–Non perdas a esperanza –sorriulle Carlos–, ao mellor chamámoste un día destes para darche a noticia de que apareceu o anel.

Un garda de seguridade acompañounos ata a saída. Deseguido dirixíronse ao lugar onde Keco debía agardar por eles pero o seu robot guía desaparecera. Os ecopandeiros aínda se inquietaron máis. Non tiñan nin idea de como regresar a Viladeteixo, non sabían a que distancia estaban, nin que medio de transporte debían utilizar.

–Non nos compliquemos a vida –suxiriu Álvaro–. Para algo temos os nosos talismáns. Xuntemos tres R e Keco regresará.

Dispoñíanse a facelo cando de súpeto unha luzada case os

cegou. No medio da nube apareceu de novo o mago Merlín coa súa variña máxica na man.

–¡Ola, amigos! Debedes desculpar a Keco. Reclamárono noutro lugar para cumprir unha misión urxente. Non vos abandonou, por iso estou eu aquí. Axudareivos a regresar aos vosos fogares.

Sen que ninguén tivese tempo de pronunciar unha soa palabra, o mago Merlín trazou un círculo coa súa vara ao redor deles e aconteceu algo verdadeiramente extraordinario. Nun só instante cada un dos ecopandeiros estaba fronte á súa propia casa. Marta volveu mirar o reloxo e comprobou que faltaban uns segundos para que desen as doce da madrugada. Cando metía a chave na pechadura do portal, desde a distancia chegáronlle as badaladas do reloxo da catedral.

Pasado o Día dos Defuntos, ao regresar ao instituto comprobaron que a caixa coa roupa para reciclar aínda continuaba no mesmo lugar onde os ecopandeiros a deixaran a noite da festa. Xunto a ela había un gran feixe de xornais atrasados que Mario, o bedel, esquecera. Marta aproveitou a ocasión para propoñerlle a don Pitágoras unha idea.

–¿Que lle parece se doamos esta roupa usada ao asilo de anciáns desamparados?

–Ben. Paréceme moi ben –contestou o profesor de Coñecemento do Medio–, tamén é unha forma de reciclar. Trátase do noso primeiro movemento, a reutilización. Pero antes debemos dar outro paso importante, seleccionar as prendas en bo estado e desbotar as inservibles. Non me parece digno regalar aquilo que non ten ningún valor. Faremos tres feixes, un para as prendas utilizables, outro para as que necesitan arranxo e un terceiro para as que mandaremos ao reciclado.

Puxéronse case todos, só fallaron Miguel e algún outro lacazán, mans á obra cun grande entusiasmo. Ao final da clase o traballo estaba feito e os ecopandeiros foron comisionados para, no nome de todos, facer a entrega das prendas no asilo.

Co entusiasmo, Marta comezaba a repoñerse da perda do anel cando a reclamou dona Rosalía, a profesora de literatura, nun dos corredores.

–¡Marta! Unha pregunta. ¿Seica perdiches un anel na festa, non?

–Si, un anel de ouro, agasallo da miña avoa… Tíñalle moito cariño.

–Comproba se é este.

Dona Rosalía amosoulle a pequena xoia e o corazón de Marta deu un brinco de alegría.

–Si, profe, é o meu anel. ¡Grazas, moitas grazas!

–Atopárono as señoras da limpeza. Debes darlles as grazas a elas.

Marta abrazou e bicou a profesora antes de preguntar de novo.

–¿Como soubo que era meu?

–Por un amigo común co que estiven resolvendo un grave problema a outra noite. Un tal Keco, creo que o coñeces…

Entón chiscoulle un ollo de cómplice e amosoulle sorrinte un pequeno talismán en forma de R e unha placa de identidade. Marta mirouna abraiada.

–"¡Vaia, unha ecopandeira secreta!" –pensou sorprendida.

# Guía de lectura

## para reciclar e concursar

**Mercedes Pacheco Vázquez**

1.- A Ecopanda desta historia gañou un premio outorgado pola Consellería de Medio Ambiente en colaboración con Ecoembes. ¿Que residuos de envases xestiona esta sociedade para a súa posterior reciclaxe?

a. Vidro, metais e tecidos.
b. Envases de plástico, latas, briks, envases de cartón e papel.
c. Materias orgánicas.

2.- Miguel tira unha botella de plástico a un descampado e asegura que é lixo. ¿Que se considera lixo de xeito xenérico?

a. A porcallada que non é reciclable.
b. Todo canto cabe na bolsa do lixo incluídos os líquidos da cociña.
c. Os residuos sólidos xa sexan urbanos ou industriais.

3.- Henrique responde a Miguel que a botella está feita de PET. ¿Que significan estas siglas?

a. Polietileno termoestable.
b. Polietilentereftalato.
c. Pilestereno.

4.- Henrique e Miguel discuten sobre o que tarda unha botella de PET en desintegrarse. ¿Quen leva razón?

a. Henrique.
b. Miguel.
c. Ningún dos dous.

5.- Joe propón a celebración da festa do Halloween. ¿Cando se celebra o Día de Defuntos en Galicia?

a. O 28 de decembro.
b. No entroido.
c. O 2 de novembro.

6.- ¿Por que propón Joe celebrar o Halloween?

a. Porque naceu en Atlanta.
b. Porque é fillo de ourensáns emigrados.
c. Porque é unha tradición galega.

7.- Marta asegura que deben facer un esforzo para non deixar residuos que non se poidan reciclar. ¿Onde van os residuos non reciclables?

a. Aos vertedoiros incontrolados.
b. Aos vertedoiros sanitariamente controlados.
c. Non existen residuos non reciclables.

8.- Don Pitágoras fabrica un farol cunha cabaza, unha candea e unha corda de esparto. ¿En que colector de reciclaxe depositaremos estes materiais?

a. No marrón.
b. No amarelo.
c. No azul.

9.- Durante o desfile tres disfrazados de vermes levan un cartel que di "organismos descompoñedores". ¿Que son estes organismos?

a. Organismos oficiais encargados da reciclaxe.
b. Produtos químicos para descompoñer os residuos sólidos.
c. Seres vivos que se alimentan de materia orgánica para transformala en inorgánica.

10.- Á entrada do instituto colocaron unha serie de colectores, ¿en cales deles deberán depositar as caretas de cartón?

a. No amarelo.
b. No azul.
c. En ningún porque o cartón está pintado.

11.- Miguel tira unha botella de plástico ao colector azul e Henrique ríffalle, ¿por que?

a. Porque o correcto era depositala no colector amarelo.
b. Porque o correcto es depositala e non tirala.
c. Porque nesta historia Henrique e Miguel se levan mal.

12.- Miguel búrlase dos xemelgos desexándolles que lles pinten un punto verde na fronte. ¿Que significa o punto verde nos envases?

a. Nos envases significa que son reciclados e nas persoas que son ecoloxistas.
b. Indica que a empresa envasadora está adherida ao sistema integrado de xestión de Ecoembes e cumpre coa Lei de Envases.
c. Levar un punto verde é unha vergonza.

13.- Xaime dille a Henrique que é máis feble que a baquelita. ¿Sabes que é a baquelita?

a. Unha resina sintética a base de fenol-formaldehido.
b. Un tipo de tecido altamente reciclable.
c. Un tipo de cristal moi quebradizo.

14.- No IES colocaron unha gran caixa para recoller a roupa da festa. ¿Son reciclables os tecidos?

a. Non é posible porque se desintegran.
b. Só se poden reciclar as prendas sintéticas.
c. Si son reciclables.

15.- Nesta historia aparece o mago Merlín. ¿Que escritor galego escribiu o libro *Merlín e familia*?

a. Celso Emilio Ferreiro.
b. Eduardo Blanco Amor.
c. Álvaro Cunqueiro Mora Montenegro.

16.- O mago Merlín indícalles que deben xuntar tres R para que Keco acuda na axuda da Ecopanda. ¿Por que só tres?

a. Porque representan a orde xerárquica da reciclaxe.
b. Porque cinco non forman un círculo.
c. Porque tres R forman o símbolo das empresas recicladoras.

17.- Os talismáns do R serven para chamar a Keco. ¿Quen é este personaxe?

a. O símbolo da amizade.
b. O robot amigo da Ecopanda.
c. Unha nave espacial.

18.- Merlín advírtelles aos ecopandeiros que existe unha forza escura do mal chamada Mister Retope. No seu nome están escondidas tres iniciais. ¿Cales son e que significan?

a. MTR = Métodos de Tortura Radical.
b. RTP = Residuos Tóxicos e Perigosos.
c. SRP = Servizo de Residuos Protexidos.

19.- Xaime trabúcase ao enunciar a orde xerárquica dos RRR. ¿Cal é o correcto?

a. Reducir, Reutilizar, Reciclar.
b. Reutilizar, Reducir, Reciclar.
c. Reciclar, Reutilizar, Reducir.

20.- Volve ao texto da historia e busca que é o que lles indica Keco aos ecopandeiros que deben dicir en voz alta para convocalo.

a. Berrar o seu nome moi alto.
b. Pronunciar a orde xerárquica dos RRR.
c. Inventar un lema secreto.

21.- Keco gástalles unha broma aos ecopandeiros ao dicirlles que o anel de Marta debería estar no colector amarelo. ¿Cales destes materiais non deben depositarse no colector amarelo?

a. Botellas de plástico, latas de refrescos e tarrinas de iogur .
b. Cartón limpo, xornais atrasados, botellas de vidro.
c. Bandexas de porexpan, tetrabrick, botellas PET.

22.- A Henrique chámanlle a atención unhas bolsas cheas de PEBD que se va a reciclar. Sabes en que se transforma o polietileno de baixa densidade?

a. En bolsas para o lixo.
b. En pezas para coches.
c. En envases para iogures.

23.- Carlos comunícalles aos nosos amigos que Mister Retope asegura “que a cantidade de residuos non ten nada que ver co nivel de desenvolvemento” das cidades.

a. Esa afirmación é certa.
b. Trátase dunha teoría de “Especulacións e Derrubas S.A,”.
c. É unha teoría falsa.

24.- ¿Que debería facer Mario, o bedel, cos xornais esquecidos xunto á caixa de roupa para reciclar?

a. Reintegralos á hemeroteca do centro.
b. Depositalos no colector azul.
c. Regalalos aos anciáns do asilo.

# PARA SABER MÁIS

## QUE É ECOEMBES

Nesta historia da Ecopanda noméase en varias ocasións a **ECOEMBES** que, ademais, é a empresa patrocinadora das aventuras de Keco e a Ecopanda. Deseguido achegamos algúns datos para que saibas algo máis desta sociedade, pero se tes curiosidade podes entrar na súa páxina web **–www.ecoembes.com–** e terás unha ampla información do traballo que realizan a prol da reciclaxe.

**ECOEMBES** é unha sociedade anónima sen ánimo de lucro, que ten como misión o deseño e desenvolvemento de sistemas encamiñados á recollida selectiva e recuperación de envases usados e residuos de envases, co fin de garantir o cumprimento e os obxectivos de redución, reciclaxe e valoración definidos na "Lei de Envases e Residuos de Envases".

Ecoembalajes España, S.A. (**ECOEMBES**) naceu no 1996, e está constituída por un importante grupo de empresas. En España a xestión do reciclado do plástico e o papel é da súa responsabilidade. Ten autorizado o seu sistema de xestión en todas as Comunidades Autónomas. Cando estas autorizan a ECOEMBES como xestor do Sistema de Gestión Medioambiental (SIG), a empresa chega a acordos coas propias comunidades e cos concellos para colaborar na recollida selectiva de residuos de envases.

Unha vez que os residuos están nos colectores específicos, estes son trasladados ás plantas de clasificación de material, labor do que se ocupan os concellos. Logo de recuperados os residuos clasifícanse e agrupan por materiais. A adxudicación destes ás empresas recicladoras faise seguindo os criterios imparciais dun Comité de Adxudicacións. . As empresas recicladoras converten os residuos en materia prima que novamente volven ao mercado.

Os envases incluídos no SIG van identificados mediante un punto verde.

# A FESTA DE DEFUNTOS

Nesta aventura de Keco e a Ecopanda fálase da festa do Día de Defuntos e do Halloween. É un bo motivo para reflexionar sobre este fenómeno do culto aos mortos tan antigo como todas as culturas da humanidade. En Galicia o culto á morte está enraizado en moitas festas e tradicións e, nos últimos tempos, por mor da televisión, o cine e as emigracións e retornos a América está callando a celebración dunha festa tipicamente anglosaxona, a festa do Halloween. Imos saber un pouco máis sobre estes dous aspectos que podedes comentar na clase e, mesmo, como fan os alumnos do IES Airas Nunes, onde estudan os ecopandeiros deste libro, ver o xeito de celebrar a festa e despois facer reciclaxe.

A festa dos mortos está presente en todas as culturas coñecidas e sempre coincide co cambio de estación meteorolóxica. De feito, en culturas como a céltica de Britania e Irlanda o 31 de outubro celebraban a chegada do ano novo. Son días nos que se invocan os defuntos e os familiares fan doazóns de comida e acenden lumes para as almas dos que se foron. En Galicia o costume está moi arraigado e o culto ás ánimas aparece en lendas e prácticas moi comúns. Unha mostra desta devoción e respecto é a proliferación de cruceiros e petos de ánimas colocados en cruzamentos de camiños e nos lugares máis insólitos, postos alí non só para guiar os vivos senón tamén os mortos. Outras son as procesións de cadaleitos e ofrecidos en diversas romarías, o feito de prender fogueiras, poñer candeas en aceite e tocar as campás nesas noites.

Contra o que se pensa modernamente, a festa do Halloween non é un invento da cultura de EE.UU. de América. Esta celebración ten as súas raíces na cultura celta e foi exportada ao novo continente no século XIX. O percorrido dos rapaces facendo desfiles disfrazados ou pedindo doces é un rito que hai que situar dentro dos costumes da festa de San Martiño. Outra celebración moi galega. A práctica de facer cabezas iluminadas con cabazas pode ter a súa orixe na lenda de Jack, un defunto que cunha candea busca a entrada do ceo. É probable que o nome de Halloween veña da expresión inglesa *All Hallow's Eve* que significa "véspera do Día de Defuntos". A festa foi popularizada no noso tempo pola película de Jonh Carpenter *A noite de Halloween*.

# EXPERIENCIAS
## PARA REALIZAR NA CLASE

**1.-** Utilizando unha cabaza, unha candea, unha corda e un pau, fabricar un farol do mesmo xeito que explica don Pitágoras na historia. Logo reciclar cada un dos elementos empregados.

**2.-** En equipos por parellas de alumnos/as facer un maratón para recoller polo barrio, no que se atopa o centro escolar, a maior cantidade posible de xornais e revistas, pedindo de porta en porta. Gañará o equipo que máis quilos reúna.

**3.-** Cada alumno/a deberá facer unha listaxe das prendas de roupa que mercou ao longo do curso anterior e logo deberá marcar aquelas que deixou de usar en non reciclou. Logo farán unha reflexión sobre o traballo.



ECOEMBES
SEPARAR PARA RECICLAR

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE
E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA